

O PAPEL DA IDENTIDADE ÉTNICA E DA VITALIDADE ETNOLINGÜÍSTICA SUBXECTIVA (VES) NA CONFIGURACIÓN DA CONDUCTA LINGÜÍSTICA EN GALICIA

Montserrat Recalde¹
Universidade de Santiago

1. Introdución

A *vitalidade etnolingüística* (Giles et al., 1977) e a *identidade etnolingüística* (Giles & Jonhson, 1987) son dous constructos creados no seo da psicoloxía social co afán de proporcionar un marco teórico axeitado dentro do que poder explicar unha ampla gama de conductas lingüísticas, con especial atención aos espazos multiétnicos (País de Gales, Québec, Estados Unidos, Holanda, etc.). As actitudes cara á aprendizaxe da segunda lingua e o tipo de competencia lingüística alcanzada despois do seu estudio (competencia nativa vs. competencia non nativa), o mantemento ou perda da lingua materna, a converxencia ou diverxencia lingüística nos encontros interétnicos, son algúns dos temas tratados baixo a óptica da vitalidade etnolingüística e/ou da identidade etnolingüística (ademais dos autores citados, vid. Clément, 1980; Landry & Allard, 1992; Harwood et al., 1994). A importancia das teorías da vitalidade etnolingüística (no sucesivo VE) e da identidade etnolingüística (no sucesivo IDE) reside, pois, no valor que se lles outorga como predictores conductuais. Tanto é así que a VE dunha minoría étnica se considera un factor determinante para súa supervivencia como colectividade diferenciada e a interrelación da VE e da IDE un poderoso condicionante das relacións intergrupais. Son estes os dous motivos fundamentais polos que estimo que a análise da situación do galego á luz dos postulados destes dous marcos teóricos pode achegar novos datos aos xa aportados polos tradicionais estudos actitudinais e contribuír a un mellor coñecemento da realidade sociolingüística galega.

Os estudos iniciais sobre a VE centráronse na medición da situación dun grupo etnolingüístico en tres tipos de variables: demográficas (número absoluto de falantes, crecemento vexetativo, matrimonios mixtos, etc.), de estatus (económico, socio-histórico e lingüístico) e apoio institucional a nivel formal –institucións que salvagardan os intereses grupais– e informal –canles polas que amosa a súa capacidade para organizarse coma un grupo de presión na defensa dos seus intereses. Á marxe das evidentes dificultades de medición que supoñen algunhas das variables socioestructurais (v.gr. estatus) e da

interdependencia e solapamento existente entre elas (v.gr. estatus e apoio institucional), o maior déficit da teoría así concibida é o de non poder dar conta debidamente das conductas lingüísticas que de forma inmediata determinan a asimilación ou a supervivencia diferenciada dunha minoría etnolingüística. Isto é, a VE límitase a describir obxectivamente os marcos socioestructurais no interior dos que se desenvolven as relacións intergrupais e os micro-contactos lingüísticos, pero non é quen de predecir se nunha interacción dada un falante da lingua minorizada converxerá para a lingua dun interlocutor pertencente ao grupo dominante, se abandonará a súa lingua materna coa finalidade de conseguir unha total integración no grupo dominante, ou a conservará coma unha forma de manifestar a súa adhesión e lealdade grupal, etc. Esta carencia débese a que, na súa formulación inicial, a teoría da VE sustentouse exclusivamente na faceta sociolóxica das relacións etnolingüísticas, obviando a psicolóxica. Parece evidente que a percepción que os actores sociais teñen da posición do seu grupo respecto ao grupo relevante nas variables socioestructurais (*demografía, estatus e apoio institucional*) resulta un condicionador tanto ou máis importante da súa conducta lingüística cás variables mesmas, máxime cando a vitalidade obxectiva e a vitalidade percibida non sempre coinciden, como demostran Harwood et al. (1994) despois de examinar un conxunto de situacións interétnicas.

Os autores extraen tres perfiles perceptivos diferentes da vitalidade etnolingüística: distorsións perceptuais a favor da vitalidade do endogrupo, distorsións perceptuais a favor da vitalidade do exogrupo, e distorsións perceptuais non consensuadas nas que o grupo dominado percibe máis elevada a vitalidade do grupo dominante e o grupo dominante percibe máis elevada a vitalidade do grupo dominado. A relevancia destas diferentes representacións cognitivas das situacións intergrupais estriba en que tenden a plasmarse en diferentes patróns conductuais.

Co propósito de medir as percepcións que os falantes teñen da vitalidade do seu grupo e do exogrupo relevante deseñáronse dous instrumentos de medida: o *Subjective Vitality Questionnaire* (Bourhis et al., 1981) e o *Beliefs on Ethnolinguistic Vitality Questionnaire* (Allard & Landry, 1986). Aínda que ambos foron creados para medir as percepcións dos grupos etnolingüísticos por parte dos seus membros, diferéncianse en dous aspectos fundamentais.

¹ Rúa do Sar, nº 82, 2º, 15702 Santiago de Compostela; Tfno.: (989)532407. Universidade de Santiago, Facultade de Humanidades, Campus de Lugo, 27002 Lugo; Tfno.: (982) 223325, Ext. 24026, Fax: (982)224904; E-mail: mrekalde@secuslugo.lugo.usc.es

En primeiro lugar, o SVQ (*Subjective Vitality Questionnaire*) cínxese estritamente á taxonomía de Giles et al. (1977) sobre os factores socioestructurais que determinan a vitalidade etnolingüística. O seu obxectivo é, polo tanto, extraer información sobre as percepcións dos entrevistados verbo da posición dos grupos etnolingüísticos en contacto, en cada unha das variables socioestructurais. Pola contra, Allard & Landry (1994) reformulan os factores socioestructurais a partir do concepto de capital de Bourdieu (1980) e redúcenos a catro tipos de capital (demográfico, político, económico e cultural). A través do seu modelo de cuestionario miden as percepcións dos entrevistados sobre a vitalidade dos grupos etnolingüísticos nos catro tipos de capital citados.

En segundo lugar, o *Beliefs on Ethnolinguistic Vitality Questionnaire* (BEVQ) está elaborado a partir dunha teoría da orientación cognitiva (Kreitler a Kreitler, 1972), segundo a cal a conducta humana en xeral, e a lingüística en particular, está motivada polas interaccións que crenzas particulares manteñen en redes máis amplas de crenzas. Este novo método toma en consideración a disposición afectivo-cognitiva dos individuos cara a súa lingua e a lingua do exogrupo e non exclusivamente a cognitiva, como se viñera facendo ata agora. Isto implica que non indaga unicamente na percepción dos entrevistados sobre a vitalidade *de facto*, como é o caso do SVQ, senón que tamén se interesa polas súas actitudes e desexos persoais en relación coa vitalidade etnolingüística.

A teoría da identidade etnolingüística (Giles & Johnson, 1987) combina a percepción da VE ou vitalidade etnolingüística subxectiva (VES), coa teoría da identidade social de Tajfel & Turner (1979), para dar conta das estratexias lingüísticas adoptadas nos intercambios comunicativos dos espazos interétnicos. De acordo con esta teoría, a conducta lingüística é o resultado da relación entre a identidade social dos falantes e a súa percepción da vitalidade etnolingüística –entendendo por identidade social o coñecemento por parte dos actores sociais da súa condición de membros dun determinado grupo e o valor, positivo ou negativo, que se lle concede a tal condición. A construción da identidade social realízase despois dun proceso de categorización social, no que os individuos comparan as posicións dos grupos implicados na procura de dimensións que favorezan o endogrupo. Dentro da diversidade de bases de categorización, a lingua adoita ter un lugar destacado nas sociedades occidentais, funcionando como un importante marcador grupal e contribuindo ao mantemento das fronteiras interétnicas². Pero igual que outras bases de categorización, pode estimular a formación dunha

² Para algunhas comunidades etnolingüísticas, coma os francófonos de Québec ou os galeses, compartir unha mesma lingua é considerado un símbolo de semellanza e identidade, por encima do resto do patrimonio cultural. Para os galeses, concretamente, a lingua falada é un elemento máis destacado para percibir

identidade social positiva ou negativa, e disto dependen as estratexias lingüísticas adoptadas (de diferenciación ou asimilación) na comunicación interétnica. De acordo con Giles et al. (1977), para que os membros do grupo subordinado que posúen unha identidade social negativa intenten mellorar a situación do seu grupo mediante a adopción dunha conducta lingüística diverxente, que evidencia a autoafirmación da súa identidade e a lealdade grupal, débese dar algunha destas dúas circunstancias:

1. Que a situación intergrupar se perciba como inestable e/ou ilexítima -é dicir, que se perciban alternativas cognitivas ao *status quo*.
2. Que se identifiquen fortemente co seu grupo étnico.

Se os membros do grupo subordinado non perciben alternativas cognitivas á relación de poder existente, buscarán saídas individuais, como a aceptación polo grupo dominante e a integración no mesmo a través da asimilación lingüística.

Giles & Johnson (1987), incrementan o número de factores que favorecen a conservación da identidade etnolingüística:

- 1) unha forte identificación subxectiva cun grupo étnico que considera a lingua un importante símbolo da súa identidade.
- 2) a existencia de comparacións sociais inseguras co exogrupo, ben porque os membros do endogrupo consideran inxusta e ilexítima a relación de poder intergrupar e/ou ben porque detectan posibilidades de cambio na situación.
- 3) a percepción dunha VE alta do propio grupo.
- 4) a percepción das fronteiras intergrupais como ríxidas e pechadas.
- 5) unha débil identificación con outras categorías sociais.

2. Obxectivos e metodoloxía

O obxectivo fundamental do presente traballo centrarase en observar se existe algún tipo de relación asociativa entre a conducta lingüística e a VES e/ou a identidade étnica, é dicir, en analizar a conducta lingüística en Galicia baixo os presupostos teóricos da VE e da IDE, tal como se fixo con outras minorías etnolingüísticas. Así mesmo observarase se se perciben ou non alternativas cognitivas á VE existente e se este factor está relacionado con distintos patróns de uso das linguas. Polo tanto, das cinco variables que, segundo Giles &

semellanzas cá procedencia nacional, de xeito que se chegan a identificar máis cun inglés que fale galés ca cun galés que fale inglés. Sen embargo, para comunidades coma a escocesa, e moitas minorías de inmigrantes en todo o mundo, a lingua non é un símbolo relevante da identidade étnica (cf. Giles et al., 1977).

Johnson (1987), favorecen a conservación da identidade etnolingüística –para nós manifestada a través do mantemento da lingua galega– teremos en conta os tres primeiros.

Os datos proceden dunha mostra de 97 estudantes de segundo ciclo de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, á que lle foi aplicado un cuestionario coa finalidade de medir a súa percepción da VE en Galicia nos catro tipos de capital subliñados por Allard & Landry (1994): demográfico, político, económico e cultural. Na súa elaboración tamén se tivo en conta a diferenciación entre tipos de crenzas introducida por Allard & Landry (1986) na construción do BEVQ. Limitámonos, especificamente, á distinción entre crenzas xerais e crenzas normativas. As primeiras reflicten as percepcións dos entrevistados sobre a vitalidade *que ten* actualmente o grupo etnolingüístico galego –*vitalidade de feito* ou *percibida*; as segundas, os seus desexos sobre a vitalidade *que debería ter* –*vitalidade desexada*. Así pois, a través do noso cuestionario, medimos a VE percibida e desexada nos catro tipos de capital mencionados.

As diferencias entre a VE percibida e a desexada, darán conta do grao de lexitimidade que se lle concede á situación etnolingüística actual en Galicia. A inexistencia de substanciais diferencias entre os dous tipos de vitalidade, será indicio de que a VE *real* e a *ideal*, en termos de Turner et al. (1984), coinciden, e de que a situación de contacto intergrupar se considera lexítima. Se, pola contra, detectamos diferencias importantes, deberemos concluír que a VE galega se sente como ilexítima -ben porque a VE *ideal* é superior á *real*, ben porque a *real* é superior á que se considera *ideal*.

As variables relativas a ámbolos dous tipos de crenzas levan asociada unha escala ordinal de catro puntos (o 1 significa a VE subxectiva máis baixa posible e o 4 a máis alta posible).

A conducta lingüística extraeuse dunha única variable relacionada coa lingua falada polo entrevistado nas súas interaccións diarias, á que tamén se lle asociou unha escala con catro valores que, situados en orde crecente, mostran o uso habitual do galego (desde a ausencia total desta lingua, correspondente ao 1, á presenza exclusiva, correspondente ao 4).

A identidade étnica fundamentámola en criterios subxectivos, entendéndoa como unha elección libre e consciente, que xorde dun sentimento compartido sobre a orixe común colectiva (o *nós* fronte ao *elas*), máis ca como o resultado dun determinismo xenético, externo ao individuo e independente del³. Este tipo de información extraeuse mediante a introducción

³ Para que exista este sentido compartido e subxectivo da etnicidade os individuos deben percibir algún tipo de fronteiras intergrupais (lingua, relixión, rituais, etc.), polo que os fundamentos subxectivos da mesma non son de todo independentes dos obxectivos. Estas fronteiras interétnicas deben basearse no recoñecemento mutuo

dunha cuestión sobre a autoidentificación étnica, na que os entrevistados debían elixir a opción de resposta que mellor expresase a súa identidade étnica (como galegos, como españois ou como ambos). Esta pregunta levaba inicialmente asociada unha escala con cinco valores, que na análise de datos foron reducidos a tres debido á anormal distribución das respostas (a absoluta maioría de informantes elixiu os valores máis altos, correspondentes a unha forte identificación co grupo etnolingüístico galego). Deste xeito obtivemos unha nova escala de tres puntos que expresa en orde crecente a forza da identificación co grupo etnolingüístico galego (o 1 supón a identificación máis débil, o 3 a máis forte e o 2 unha identificación intermedia).

Na análise de datos aplicáronse tres tipos de probas paramétricas, cando a natureza das variables o permitiu, a análise multivariada da varianza (MANOVA), a análise univariada da varianza (ONEWAY) e o T-test para datos apareados⁴. Coas variables que non permitiron tratamentos paramétricos, debido ao tipo de escalas que levan asociadas, aplicouse a proba do chi cadrado. O nivel de significación estatística para rexeitar a hipótese nula estableceuse no $p \leq .05$.

3. A autoidentificación étnica

Da análise de datos extraemos dous primeiros feitos salientables. En primeiro lugar, a forte identificación da maioría dos entrevistados co grupo etnolingüístico galego (41.7%); o 30.2% amosa unha identificación media e o 28.1% baixa. En segundo lugar, a relación

por parte desa colectividade que se considera a si mesma distinta das demais. A preponderancia que se lle dá neste artigo aos criterios subxectivos sobre os obxectivos, débese a que cando os últimos desaparecen o sentido de colectividade étnica pode continuar existindo, como a miúdo acontece entre as minorías de inmigrantes (Edwards, 1986). Nun interesante traballo Ross (1979) clasifica as colectividades en catro estadios progresivos tendo en conta os modos de identidade que as caracterizan: comunais, minoritarias, étnicas e nacionais. Ao longo destes estadios, a lingua asume un papel cada vez máis importante como marcador étnico. Dende o noso punto de vista, dentro do esquema de Ross, Galicia formaría parte das comunidades étnicas, caracterizadas pola existencia dunha organización e acción política propias, a través das que o grupo étnico, reivindica recursos lexítimos en beneficio da comunidade, pero que carecen de estado propio. Para a autora, a diferenza entre unha comunidade minorizada e unha comunidade étnica estriba na existencia ou inexistencia de mobilización grupal, isto é, en que o grupo minorizado tome conciencia da identidade colectiva e decida enfrontarse ao grupo dominante na defensa dos seus intereses. Asumimos esta diferenza e aplicámola a Galicia, onde o rexurdimento dunha conciencia política nacionalista que defende os intereses do grupo étnico, a transformou dunha comunidade minorizada a unha comunidade étnica. Por outra banda, a creación do Estado das Autonomías en España propicia a 'etnificación' das comunidades minorizadas, facendo que incluso partidos políticos de carácter centralista exploten o atractivo da *diferencia* con propósitos electorais.

⁴ Evidentemente isto esixiu unha interpretación laxa do tipo de escalas. Para poder aplicar este tipo de probas débese considerar que a distancia que separa os valores 1 e 2 indica unha diferenza actitudinal igual á expresada pola distancia que hai entre 2 e 3 ou 3 e 4. Un lector minimamente intuitivo coidará que non é un procedemento totalmente aceptable na análise das actitudes humanas, sen embargo é algo que se fai frecuentemente en ciencias sociais.

significativa que a variable de autoidentificación étnica (IDE) mantén coa VE subxectiva, por unha banda, e coa lingua habitual, pola outra.

No que atingue á primeira relación, a manova entre VE e a IDE deu como resultado un lambda de Wilks = .000, cunha aproximación a $F = 5.21551$ e unha significación de $F=.000$. O test univariado da varianza indica que a IDE está significativamente relacionada coa VE percibida no capital político, económico e cultural, pero non no demográfico, e coa VE desexada en todos os tipos de capital.

As puntuacións medias obtidas por cada nivel de IDE amosan que, polo xeral, canto máis forte é a identificación co grupo etnolingüístico galego máis baixa é a VE percibida e máis alta a VE desexada. E o que é máis importante, indican que altos niveis de autoidentificación co grupo étnico minimizan a vitalidade percibida e maximizan a vitalidade desexada (vid. táboa 1).

Táboa 1

IDE		VE percibida	VE desexada
Capital político	baixa	2.44	3.14
	media	2.39	3.72
	alta	1.97	4
Capital económico	baixa	1.55	3.11
	media	1.13	3.65
	alta	1.10	4
Capital demográfico ⁵	baixa	1.96	2.70
	media	2.08	3.55
	alta	1.91	3.95
Capital cultural	baixa	2.08	2.40
	media	1.75	3.20
	alta	1.51	3.85

A comparación das puntuacións correspondentes a VE percibida coas correspondentes á VE desexada en cada tipo de capital, permite comprobar que estas últimas son máis elevadas en todos os grupos de IDE, pero especialmente nos máis altamente identificados co grupo etnolingüístico galego. Isto significa que a vitalidade que estiman real é inferior á que

⁵ As diferencias intergrupais da VE percibida no capital demográfico non son significativas.

considerarían ideal, feito que pode introducir certo grao de ilexitimidade percibida na situación etnolingüística galega, como xa se verá.

Da aplicación do chi cadrado extráese, así mesmo, unha relación altamente significativa entre a lingua habitual e a identidade étnica ($p = .000$), de xeito que canto máis fortemente identificados co grupo etnolingüístico galego se amosan os entrevistados, máis frecuente resulta o emprego do galego (táboa 2). Obsérvese que entre os que manifestan unha alta identidade etnolingüística temos un 67.5% de monolingües en galego.

Táboa 2

	<i>Autoidentificación co grupo etnolingüístico</i>		
	<i>galego</i>		
	baixa	media	alta
<i>Lingua habitual</i>			
só castelán	25.9%	6.9%	
máis castelán	37%	44.8%	17.5%
máis galego	25.9%	24.1%	15%
só galego	11.1%	24.1%	67.5%

Dada a elevada porcentaxe de monolingüismo en galego entre os informantes altamente identificados co grupo etnolingüístico galego, estimamos que para eles, a lingua é un *valor central* (Smolicz, 1994) na configuración da súa identidade e un eficiente marcador de fronteiras intergrupais. É probable que estes informantes que se afirman monolingües en galego, e ademais manifestan unha forte autoidentificación co endogrupo, manteñan a súa conducta lingüística na diversidade de situacións comunicativas nas que participan diariamente e non converxan cara ao castelán cando interaccionan con castelanfalantes; a súa conducta pode ser interpretada coma una forma de autoafirmación étnica e fidelidade grupal.

4. Relación entre a VE e a lingua habitual

A aplicación da análise univariada da varianza (oneway) entre a lingua habitual e a VE percibida e desexada nos capitais político, económico, demográfico e cultural, deu como resultado a existencia dunha relación estatisticamente significativa entre a lingua habitual e a VE percibida na variable relativa ao capital político ($F= 4.3897$; $p = .0063$). Sen embargo, non podemos rexeitar a hipótese nula nos capitais económico, demográfico e cultural. No que se refire á relación entre a VE desexada e a lingua habitual resultou significativa en todos os tipos de capital.

No primeiro caso (relación entre a VE percibida no capital político e a lingua habitual), as puntuacións medias amosan que os dous grupos que perciben a VE máis baixa son os máis galeguizados ($x = 3.08$ e $x=3.21$), pola contra, os dous grupos que perciben a VE máis alta son os máis castelanizados ($x=2.53$ e $x=2.12$).

No segundo caso (relación entre a VE desexada e a lingua habitual), interéranos sobre todo a diferenza entre os dous valores máis altos da escala na VE desexada, xa que os dous valores máis baixos teñen un número de casos moi reducido (de 1 a 8). Polo tanto, centraremos a nosa atención nos informantes que alcanzan unha puntuación de 3 (VE medio-alta) ou 4 (VE alta) na vitalidade desexada nos distintos tipos de capital. Destes dous grupos, os máis galeguizados son os que desexan unha VE alta, con diferencias sobre o outro grupo que chegan a superar o punto (vid. táboa 3).

Táboa 3

VE desexada		Lingua habitual escala de 1 a 4
		x
Capital político F=7.6533; P=.0001	medio-alta	2.00
	alta	3.12
Capital económico F=7.1932; P=.0001	medio-alta	2.35
	alta	3.13
Capital demográfico F=11.3635; P=.0000	medio-alta	2.36
	alta	3.25
Capital cultural F=14.060; P=.0000	medio-alta	2.58
	alta	3.39

Como a media é unha medida de tendencia central, moi sensible aos valores extremos, poida que non exprese con total claridade as importantes diferencias conductuais entre os dous grupos sinalados, que se percibirán mellor atendendo ás porcentaxes de uso do galego de ambos grupos, tal como figuran na táboa 4. Consideramos moi significativa a elevada presenza do monolingüismo en galego entre os que desexan unha VE elevada, que nos capitais cultural e demográfico supera a metade da mostra. No caso dos que desexan unha VE

medio-alta, é máis habitual o bilingüismo con predominio do castelán có monolingüismo absoluto neste idioma. En todo caso, neste grupo, o monolingüismo en galego é pouco común, como pode desprenderse das baixas porcentaxes que figuran na táboa 4.

Táboa 4

	VE desexada alta	VE desexada medio-alta
	Porcentaxes de monolingüismo en galego	
Capital político	45.3%	16.7%
Capital económico	47.2%	17.6%
Capital demográfico	54%	9.1%
Capital cultural	60.8%	16.7%

5. A percepción de alternativas cognitivas

Un factor que, segundo Tajfel (1974), inflúe nas estratexias de cambio social que levan a cabo os grupos subordinados é a percepción de alternativas cognitivas á súa situación. Esta pode estar inducida por dous factores: o grao de estabilidade/inestabilidade percibida e a conciencia de que a súa posición na relación de forzas intergrupais é inxusta e indesexable. Anteriormente vimos que as puntuacións relativas á VE desexada eran superiores ás da VE percibida, e que a diferenza era maior nos informantes máis fortemente identificados co grupo etnolingüístico galego. Esta diferenza a favor da VE desexada pode ser un síntoma de que a situación etnolingüística galega é sentida como ilexítima, pero antes de anticipar calquera conclusión convén comprobar se tales diferencias son significativas ou non.

Neste apartado examinaremos se a mostra estudiaada percibe alternativas cognitivas ao status quo. En primeiro lugar, comprobaremos se as diferencias entre a VE *real* e a *ideal*, utilizando a terminoloxía de Turner et al. (1984), son estatisticamente significativas. No caso de que así sexa, a diferenza entre ambas pódese considerar un *índice da ilexitimidade* da situación etnolingüística actual. En segundo lugar, analizaremos se existen diferencias nas percepcións da VE presente e futura, e se estas resultan significativas. De ser así, a diferenza resultante será un *índice da inestabilidade* da situación etnolingüística actual.

Centrarémonos, concretamente, nas respostas dadas polos informantes a seis cuestións, relacionadas coa VE no capital demográfico e no capital político. A estas variables aplicóuselless o T-test para datos apareados, de xeito que permitise comparar a VE real e ideal

nos capitais demográfico e político, por unha banda, e a VE presente e futura nos dous mesmos tipos de capital, pola outra.

No primeiro caso, o T-test confirmou que as diferencias entre a VE percibida e a desexada son significativas para a totalidade da mostra, tanto no capital demográfico coma político. No capital demográfico temos unha diferenza das medias de -1.57, cun valor $T = -12.96$ e un nivel de significación $P = .000$. No capital político a distancia entre as medias acadada un valor de -1.43, cun valor T de -11.30 e unha $P = .000$.

As diferencias entre a VE real e a ideal son tamén significativas en cada subgrupo de IDE. O relevante, nesta variable, é que a diferenza entre as medias é tanto maior canto máis forte é a autoidentificación co grupo etnolingüístico galego, aumentando consecuentemente o valor T (vid. táboa 5). A discrepancia entre a VE real e a ideal é, polo tanto, sensiblemente maior no grupo de informantes máis identificados co endogrupo. A diferenza entre as puntuacións medias correspondentes á vitalidade real e á ideal é un índice da ilexitimidade percibida por cada subgrupo de identidade. Deste xeito vemos que no capital demográfico o índice de ilexitimidade oscila entre o -.81 correspondente ao grupo de baixa identidade etnolingüística e o -2.10 correspondente ao grupo de identidade máis alta. No capital político as diferencias van do -.70 ao -2.02, pertencentes a estes mesmos grupos. Cómpre lembrar que estamos a traballar cunha escala de 4 puntos, para entender a transcendencia destes últimos índices.

Táboa 5

IDE	Capital demográfico			Capital político		
	diferencia	T	P	diferencia	T	P
	x			x		
baixa	-.81	-3.41	.002	-.70	-2.82	.009
media	-1.58	-8.39	.000	-1.32	-6.05	.000
alta	-2.10	-	.000	-2.02	-	.000
		13.6			13.58	
		2				

No que atange ao grao de estabilidade/inestabilidade percibido, o T-test non resultou significativo, nin no capital demográfico nin no capital político (capital demográfico: diferenza entre medias=.021, $T = 0.21$; $P = .83$; capital político: diferenza entre medias= 0.65; $T = -.55$; $P = .58$). Destes resultados dedúcese que os nosos informantes non perciben

inestabilidade ningunha na actual situación intergrupar, e que cren que a vitalidade futura será máis ou menos igual cá presente.

Algo semellante sucede por grupos de IDE. Os dous grupos con IDE máis alta perciben a VE futura algo menor cá presente, pero estas diferencias non son significativas. Si o son, sen embargo, as diferencias entre a VE presente e futura no capital demográfico percibidas polos informantes menos identificados co grupo etnolingüístico galego. Estes albiscan certa mellora futura (diferencia entre as medias = $-.33$; $T = -2.21$, $P = .036$).

As distintas percepcións da vitalidade futura no capital demográfico e político, están asociadas a diferentes niveis de galeguización, tal como amosa a análise da varianza (capital demográfico: $F = 14.2712$, $P = .000$; capital político: $F = 5.7030$; $P = .0013$). Como se desprende das medias da táboa 6, non hai un patrón conductual uniforme para os mesmos niveis das variables independentes, é dicir, a unha mesma percepción da VE futura nos dous tipos de capital non lle corresponde unha mesma conducta (contrástanse as medias dos que perciben a VE medio-baixa). Hai sen embargo un factor común: os que perciben a VE futura máis baixa (cren que o castelán será a lingua de Galicia) están moito máis galeguizados cós demais subgrupos. Traducindo as puntuacións medias a porcentaxes veremos que hai un elevado nivel de monolingüismo en galego neste subgrupo de informantes (59.1% e 63.6% respectivamente), contrariamente ao que sucede cos grupos que perciben a VE futura alta ou medio-alta, nos que o monolingüismo en galego non alcanza en ningún caso o 30% dos informantes.

Táboa 6

VE futura no capital político		VE futura no capital demográfico	
	Lingua habitual		Lingua habitual
baixa	3.38	baixa	3.42
media	1.95	media	2.57
medio-alta	2.83	medio-alta	2.61
alta	2.50	alta	2.46

6. Recapitulación

Relacionando os datos proporcionados pola nosa mostra cos postulados da vitalidade etnolingüística e da identidade etnolingüística de Giles & Johnson (1987), podemos extraer varias conclusións.

En primeiro lugar é preciso facer unha clara distinción entre a VE percibida e a VE desexada. Por unha banda relaciónanse de forma contraria coa identidade etnolingüística, no sentido de unha elevada IDE minimiza a VE percibida e maximiza a VE desexada. Pola outra, manteñen unha incidencia distinta sobre a lingua habitual: a VE percibida a penas está relacionada coa conducta lingüística mentres os dous niveis máis altos de VE desexada introducen notables variacións no uso do galego.

Segundo Giles et al. (1977) e Giles & Johnson (1987), algunhas das condicións que deben cumprirse para que un grupo etnolingüístico actúe contra a asimilación lingüística e a prol da diferenciación son: que manifieste unha forte identidade subxectiva e considere a súa lingua coma un símbolo étnico; que perciba alta a VE do seu propio grupo e alternativas cognitivas á situación presente.

Podemos afirmar que estas máximas de Giles et al. se cumpren a medias na nosa mostra. En primeiro lugar, os datos mostráronnos que unha forte identidade etnolingüística está asociada a unha elevada galeguización no nivel conductual: máis do 67% dos informantes que se autoidentifican fortemente co grupo etnolingüístico galego son, na súa gran maioría, monolingües en galego. Á luz da súa conducta lingüística, pode resultar contradictorio que sexa este mesmo grupo o que perciba a VE máis desfavorable para o galego. Cremos que a súa conducta se debe interpretar coma unha reacción ante a temida perda do principal valor diferencial do propio grupo (a lingua) e a conseguinte disolución das fronteiras étnicas entre o grupo etnolingüístico galego e o exogrupo relevante (o castelán). O galego funciona para eles a modo dun importante trazo diferenciador fronte ao grupo dominante; a percepción de que a lingua do exogrupo goza dunha crecente vitalidade a costa do galego e, como consecuencia, este perda paulatinamente a súa función de marcador étnico, failles temer unha futura disolución das fronteiras intergrupais e enfocan a súa conducta a contrarrestala. Que sexan tamén os informantes máis altamente identificados co grupo etnolingüístico galego os que presentan puntuacións máis elevadas na VE desexada parece apoiar a nosa interpretación da súa conducta lingüística coma unha mostra do seu compromiso co endogrupo.

Segundo Ross (1979), cando unha comunidade que alcanza o estadio de *comunidade étnica*, como é o caso galego, sente a súa lingua nativa presionada e ameazada, leva a cabo unha mobilización étnica na defensa da propia lingua e da propia cultura. A conducta lingüística dos informantes fortemente identificados co grupo etnolingüístico galego pode inscribirse neste tipo de situacións.

Polo que atangue á máxima de que unha elevada VE está asociada a conductas de mantemento lingüístico e adhesión grupal, non se cumpre na nosa mostra. Aquí a VE percibida non é alta, nunha escala de 1 a 4 alcanza o seu valor máximo no capital político ($x = 2.23$); nos restantes tipos de capital queda por debaixo do 2; é dicir, a VE percibida pola totalidade da mostra é medio-baixa. A VE percibida non está significativamente relacionada coa conducta lingüística dos informantes. A relación verdadeiramente significativa mantena a VE desexada coa lingua habitual, feito que apunta á maior capacidade predictiva das crenzas normativas sobre as xerais⁶. Os nosos resultados amósannos unha sensible diferenza na conducta lingüística segundo a VE desexada sexa medio-alta ou alta: aqueles que desexan unha VE medio-alta son na súa maioría castelanfalantes bilingües, os que desexan unha VE alta son na súa maioría galegofalantes monolingües. Dentro deste grupo, cómpre diferenciar entre os catro tipos de capital, dado que desexar unha VE alta no capital demográfico e cultural leva asociado un maior grao de uso do galego ca desexar unha VE elevada nos capitais político e económico. As importantes diferencias conductuais entre dous valores da VE desexada tan próximos corroboran a relevancia deste tipo de vitalidade como predictor conductual.

É importante reseñar tamén que hai un elevado nivel de monolingüismo en galego entre os que perciben baixa a súa vitalidade futura. Cabería preguntarse por qué arredor dun 60% de informantes que cren que a lingua do futuro en Galicia será o castelán se declaran monolingües en galego. Unha posible resposta é que a conducta lingüística adoptada por eles reflicte a súa fidelidade e a súa adhesión *voluntaria* ao grupo etnolingüístico galego, que os leva a adoptar estratexias lingüísticas específicas en contra da asimilación. Salientamos a palabra *voluntaria*, porque estimamos que existe unha diferenza fundamental entre este tipo de adhesión e a adhesión *forzada* por causas externas ao individuo, como pode ser a capacidade do grupo etnolingüístico para aplicar sancións ou castigos a quen se desvíe da súa norma social. No noso caso concreto, a adhesión forzada é pouco probable, pois, dada a baixa VE que perciben para o seu grupo etnolingüístico tanto no presente coma no futuro, resulta pouco probable que o vexan con poder suficiente para aplicar medidas punitivas ante o non cumprimento da norma⁷.

Para finalizar, a nosa mostra non percibe a situación etnolingüística en Galicia como inestable, pero si como inxusta e ilexítima. Isto significa que ao tempo que estiman que a VE

⁶ Sobre a capacidade predictiva do BEVQ e os seus diversos tipos de crenzas en relación co SVQ, vid. Allard e Landry (1994: 117-144).

–medio-baixa– que lle atribúen ao galego non vai cambiar no futuro, tamén cren que esta vitalidade, ou vitalidade *real*, é bastante inferior a que estiman *ideal*. Esta opinión, que está xeneralizada á totalidade da mostra, afíanzase a medida que a IDE co grupo etnolingüístico galego é máis forte, tal como apuntan os índices de ilexitimidade resultantes de subtraer a VE desexada da VE percibida.

Referencias

- Allard, R., R. Landry (1986), “Subjective Ethnolinguistic vitality Viewed as a Belief System”, *Journal of Multilingual and Multicultural Development* 7, 1-12.
- ___ (1994), “Subjective Ethnolinguistic Vitality: a Comparison of two Measures”, *International Journal of the Sociology of Language* 108, 117-44.
- Bourdieu, P. (1980), *La Distinción. Criterio y bases sociales del gusto*, Madrid, Taurus.
- Bourhis, R.Y., H. Giles (1977), “The Language of Intergroup Distinctiveness”, in H. Giles (ed.), *Language Ethnicity and Intergroup Relations*, Londres, Academic Press, 119-35.
- Bourhis, R.Y., H. Giles, D. Rosenthal (1981), “Notes on the Construction of a ‘Subjective Vitality Questionnaire’ for Ethnolinguistic Groups”, *Journal of Multilingual and Multicultural Development* 2(2), 145-55.
- Clément, R. (1980), “Ethnicity, Contact and Communicative Competence in a Second Language”, in H. Giles, P. Robinson, P. Smith (eds.), *Language: Social Psychological Perspectives*, Oxford, Pergamon, 147-54.
- Edwards, J. (1985), *Language, Society and Identity*, Oxford, Blackwell.
- Giles, H., R.Y. Bourhis, D.M. Taylor (1977), “Towards a Theory of Language in Ethnic Group Relations”, in H. Giles (ed.), *Language, Ethnicity and Intergroup Relations*, Londres, Academic Press, 307-48.
- Giles, H., P. Johnson (1987), “Ethnolinguistic Identity Theory: A Social Psychological Approach to Language Maintenance”, *International Journal of Sociology of Language* 68, 69-99.
- Harwood, J., H. Giles, R.Y. Bourhis (1994), “The Genesis of Vitality Theory: Historical Patterns and Discoursal Dimensions”, *International Journal of the Sociology of Language* 108, 167-206.
- Kreitler, H., S. Kreitler (1972), “The Model of Cognitive Orientation: towards a Theory of Human Behavior”, *British Journal of Psychology* 63, 9-30.
- Landry, R., R. Allard, (1992), “Ethnolinguistic Vitality and the Bilingual Development of Minority and Majority Group Students”, in W. Fase, K. Jaespaert, S. Kroon (eds.), *Maintenance and Loss of Minority Languages*, Amsterdam, John Benjamins, 223-51.
- Ross, J.A. (1979), “Language and the Mobilization of Ethnic Identity”, in H. Giles, B. Saint-Jacques (eds.), *Language and Ethnic Relations*, Oxford, Pergamon Press, 1-13.

⁷ A este respecto vid. Giles e Johnson (1987).

- Smolicz, J.J. (1994), "Australia's Language Police and Minority Rights: a Core Value Perspective", in T. Skutnabb-Kangas, R. Phillipson (eds.), *Linguistic Human Rights. Overcoming Linguistic Discrimination*, Berlin, Mouton de Gruyter, 235-52.
- Tajfel, H. (1974), "Social Identity and Intergroup Behavior", *Social Science Information* 13, 65-93.
- Tajfel, H., J.C. Turner, (1979), "An Integrative Theory of Intergroup conflict", in W.C. Austin, S. Worchel (eds.), *The Social Psychology of Intergroup Relations*, Monterey, Brooks/Cole, 33-53.
- Turner, J.C., M.A. Hogg, P.J. Turner, P.M. Smith (1984), "Failure and Defeat as Determinants of Group Cohesiveness", *British Journal of Social Psychology* 23, 97-111.